

Repaso da unidade 4.

1. OS MINERAIS.

A **xeosfera** está constituída por minerais, a unidade básica que forma todo o que nos rodea.

As rochas están formadas por **minerais**, por un (halita) ou por varios (granito).

Definición: un **mineral** é un corpo sólido e homoxéneo, de composición inorgánica, de orixe natural, con estrutura interna ordenada e cunha composición química definida.

Cada unha destas características quere dicir:

- son **sólidos** (hai excepcións como o mercurio, que é líquido a temperatura ambiente);
- son **homoxéneos**: está composto por unha soa unidade que se repite; esta unidade pode ser un único elemento químico ou a combinación de varios.
- son **inorgánicos**: non conteñen materiais producidos por seres vivos.
- a súa orixe é **natural**: actualmente pódese reproducir no laboratorio a formación dalgúns, pero non son minerais verdadeiros.
- **estrutura interna ordenada**: teñen os seus **compoñentes ordenados en redes** (por iso, moitos minerais teñen formas poliédricas chamadas **cristais**).
- **composición química definida**: os compoñentes son sempre os mesmos e gardan unha relación fixa entre eles, que se reflicte na súa fórmula química.

1. Todos estos obxectos non son minerais:



Son minerais:

- _____
- _____

Non son minerais

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

2. Dos seguintes exemplos de minerais, sinala se son elementos químicos ou compostos químicos.

- Cuarzo - SiO_2
- Grafito - C
- Calcita - CaCO_3
- Oro - Au
- Halita - NaCl
- Xofre - S

3. Sinala cun X os minerais

